



Foto de familia das autoridades, organizadores e patrocinadores do espazo, xunto a Kore, á dereita, a «deusa do emprendemento e a innovación». FOTOS: DAVID FREIRE / RAFA FARIÑA

O talento transformador do emprendemento galego enche de vitalidade a Boa Vila

► Case medio cento de empresas participan na quinta edición do Pont-Up Store, que inclúe obradoiros e actividades formativas

CHUS GÓMEZ

✉ cgomez@diariodepontevedra.es

PONTEVEDRA. Empresas que sorprenden pola variedade de propostas, polo talento e a creatividade, pola aposta de innovación desde distintos ámbitos, polo compromiso social e pola vontade de apostar por un rural son as que enchen ata esta tardiña a praza de España, onde onte se inaugurou a quinta edición do Encontro de Emprendemento Pont-Up Store.

As novas tecnoloxías volven achegar as propostas máis impactantes, seguidas por ideas procedentes dos sectores da saúde e o benestar, o turismo, o téxtil, a gastronomía, a cosmética e a xestión cultural. Son 45 empresas participantes que combinan nalgúns casos varias modalidades de participación: 37 contan cun stand gratuito para mostrar os seus produtos, ideas e servizos, e dez participan no formato Talent Business Puntazo Exprés, no que

puideron dar a coñecer a súa idea de negocio a cinco executivas de empresas e entidades galegas, entre as que figura a directora do Cinbio e promotora da spin-off NanoInmunotech, África González, ou a produtora Teresa Fernández-Valdés (Bambú).

Outras seis iniciativas participan no programa de actividades demostrativas do espazo central da carpa, desenvolvendo propostas como un obradoiro de preparación de alimentos con impresión 3D, un taller de lectura con cans, un obradoiro de robótica para aprender a montar un Stick Arcade baseado en Raspberry PI, torneos de videoxogos, técnicas de pigmentación prehistórica, un showcooking de receitas saudables ou a presentación da nova cooperativa Músicas ao Vivo.

Durante o acto de inauguración, o reitor da Universidade de Vigo, Pachi Reigosa, explicou que o Pont-Up Store está «moi ben en-

camiñado co ADN da Universidade de Vigo, que aposta por implicarse no tecido socioeconómico, e devolver á cidadanía contidos de valor para xerar unha sociedade máis xusta, máis próspera e máis igualitaria». Ernesto Pedrosa, presidente do Consello Social da UVigo, asegurou, en representación de todas as entidades patrocinadoras, que «este encontro fomenta hábitos de emprendemento na sociedade» e «cimenta cidades máis avanzadas e sostibles». Pola súa parte, o alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, destacou o formato do evento, xa

Pedro Figueroa

Director do Pont-Up Store

«Só consegue estar unha de cada tres empresas que o solicitan; Galicia ten unha gran vitalidade empresarial»

que «permite visibilizar o talento do noso país a pé de rúa», e gabou «a gran calidade dos proxectos seleccionados durante estas cinco edicións, dos que un 89% continúa coa actividade». Neste sentido, Pedro Figueroa, director do Pont-Up Store, lembrou que «só consegue entrar unha de cada tres empresas que o solicitan, un síntoma da gran vitalidade empresarial que está vivindo o noso país». «O lema desta edición, que é o talento transformador, está visible aquí», salientou sobre unha edición na que a tecnoloxía e a visibilización da muller emprendedora foron os eixos «que marcaron gran parte das máis de 40 actividades» inseridas nun programa realizado «grazas á colaboración de máis de 80 persoas e institucións».

Nun acto que contou tamén coa presenza de Kore, a «deusa do emprendemento e a innovación», que centra a imaxe promocional desta edición, Figueroa puxo tamén de

relevo a importante presenza das iniciativas baseadas nas novas tecnoloxías entre os seleccionados nesta edición.

COMIDA EN 3D. Unha das grandes apostas vén da man da gastronomía ligada a procesos tecnolóxicos. A empresa viguesa EXGA3D emprega a impresión 3D para deseñar e personalizar alimentos que sorprenden e que ademais poden chegar solucións ao mundo da saúde, elaborando por exemplo pí-lulas médicas con formas e sabores de froitas ou doces, ou peixe para a cativada con formas máis divertidas e apetecibles. O proxecto está triunfando a nivel internacional e xa conta co apoio do Basque Culinary Centre. Hoxe ofrecerá un obradoiro para ensinar a imprimir a nosa propia comida.

A UVigo conta cun stand institucional no que un robot se move polo espazo a través de sensores cos que detecta posibles barreiras.



As cinco escoitantes no Puntazo Exprés.

Concello

Gulías: «A industria creativa deixa beneficios económicos e sociais e queremos visibilizala»

O Concello de Pontevedra é un dos principais patrocinadores do Pont-Up Store, un evento que a concelleira de Promoción da Cidade, Anabel Gulías, considera «imprescindible». Así, explicou que o Goberno local sempre tratou de «apostar por fomentar a industria creativa da cidade», posto que «deixa beneficios non só econó-

micos, senón tamén sociais», e está estreitamente vinculada ao campus universitario, especializado neste eido. «Propiciamos que a xente que estudou aquí se asente en Pontevedra, non só por ser unha cidade marabillosa para vivir, senón por ter oportunidades e apoio institucional».

Pont-Up Store é «a visibilización

desta liña», que os emprendedores «ocupen os espazos públicos», unha fórmula «creada por unha universidade pública».

Gulías percorreu os stands, entre os que destacou un de bordado tradicional en novos soportes, o das Mulleres Atlánticas ou o de Téagarimo, que comercializa tés de todo o mundo online.



Gulías, na imaxe xunto a Figueroa e García, visitou todos os stands.

Algunhas das propostas presentes na praza de España



Andrea Area, un estudo para personalizar momentos especiais e crear a comunicación visual de empresas

Andrea Area presenta un estudo creativo radicado en Portonovo que ten tres piares: vídeo, deseño gráfico e fotografía. «Dou apoio de vídeo a pequenas produtoras, fago vodas» e pezas «para quen queira darlle valor á súa comunicación visual». A papelería é totalmente personalizada e en conxunto, «sempre feita a man, con acuarelas ou grafos». Tamén fai todo o traballo de identidade corporativa para empresas e talleres de foto e vídeo para nenos e cursos.



Yaracán Galicia ofrece terapias asistidas con cans en entornos hospitalarios, educativos e sociais

Yaracán Galicia é unha asociación socialmente responsable «que pretende trasladar los beneficios que aportan los animales a entornos terapéuticos, hospitalarios, educativos y sociales a través de programas profesionales de intervención asistida con perros», explica Julia Correa, unha das socias. O proxecto iniciouse en 2017 e trasladouse de Madrid a Vigo. «Esta terapia puede disminuir los costes de una tradicional, pero tienen que contratarte para demostrarlo».



Taller 7 MakerSpace, un lugar onde crear ou mercar as máquinas Arcade de Star Wars ou Super Mario

Santiago Román é un dos socios de Taller 7 MakerSpace (Nigrán), «un sitio donde realizar tus proyectos, como las máquinas Arcade, o algo con impresión 3D, Arduino, en madera... Ofrezco un lugar y unas herramientas, además de apoyo». Tamén imparten obradoiros. As máquinas Arcade, como a da imaxe, tamén as venden, totalmente customizadas, con prezos que varían entre os 300 euros dun stick arcade ata os máis de mil dunha das «clásicas de toda la vida».



Gomo Bonsai, profesionais de Bueu formados en Xapón nas técnicas de cultivo destas pequenas árbores

Gomo Bonsai é unha empresa de Bueu dedicada integramente a este tipo de plantas, explica Manuel Germade. «Temos tres sectores: o estudo, no que asesoramos a particulares; a escola, na que facemos cursos e demostracións, tanto no local que temos aquí como onde demandan os nosos servizos, mesmo en Europa; e tenda online, onde vendemos os bonsáis e produtos relacionados co seu cultivo». Afirmar que é un mundo con grande interese.



Bluscus Turismo Mariñeiro permite navegar en embarcacións tradicionais ou ver o marisqueo en vivo

Pablo Mariño é o xerente de Bluscus Turismo Mariñeiro, un negocio creado en Ribeira (A Coruña) no que propoñen experiencias relacionadas co mar «para ensinar la cultura marinera gallega, desde ver como trabajan las mariscadoras, visitar el marisqueo a flote, las lonjas... También ofrecemos navegación en embarcaciones tradicionales para ver las Cíes o las Ons». El negocio está enfocado tanto al turismo, nacional e internacional, como al mundo educativo.



Lumeira, estudo de artes gráficas pontevedrés que une ilustración e técnica de impresión

Lumeira é un estudo de artes gráficas situado en Mourente. «Nos dedicamos a crear contenido y productos. Podemos imprimir en diferentes materiales y texturas», explica Manuel Reinoso, un dos dous socios da empresa. «Hacemos el diseño y la fabricación», tamén por encargo. En Pont-Up Store presenta unha liña de cartelería, cuncas ou imáns protagonizados por grandes figuras da música, pero tamén aposta por crear souvenirs de cidades. Teñen tenda virtual.